

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Urbanismo

##### Planeamiento

*Aprobación definitiva estudio detalle A Sardiñeira (631/199/2013)*

#### **Aprobación definitiva Estudo de Detalle Exp.: 631/199/2013**

O Pleno municipal, é sesión realizada o día 23 de decembro de 2013, adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para a ordenación de volumes e fixación de condicións estéticas dun equipamento docente na Sardiñeira, promovido polo Concello de A Coruña.

O estudio de detalle contén as seguintes condicións descriptivas e xustificativas da ordenación proxeccada, o que publícase aos efectos previstos no artigo 92.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

#### **“4.- ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA ADOPTADA. NORMATIVA ESTÉTICA:**

A parcela sobre a que se realiza o presente Estudo de Detalle conta cunha superficie de 2.480,00 m<sup>2</sup>.

Dadas ás medidas e o futuro uso do edificio, optouse por unha solución dunha plataforma de asento do edificio única e similar ao nivel das pistas polideportivas lindadeiras. Con esta solución obterase un único volume que resolva a circulación interior do edificio dun xeito sinxelo.

O acceso ao edificio cumplirá coa vixente normativa de accesibilidade e supresión de barreiras.

Non PXOM da Coruña en vigor contémplase a existencia desta parcela como sistema xeral de equipamento, fixando o presente Estudo de Detalle os seguintes parámetros urbanísticos.

#### **ORDENACION VOLUMÉTRICA. CONDICIÓNIS ESTÉTICAS**

Ademais das condicións que lle fosen de aplicación pola lexislación específica vixente deberán cumprir ás seguintes:

Ás construcións, instalacións e edificios destinados a equipamento, neste caso de titularidade pública, deberán integrarse e adaptarse ao contexto urbano do emprazamento.

O edificio será de tipoloxía exenta ou illada, cos seguintes parámetros volumétricos:

- ALTURA MÁXIMA: 7 metros
- OCUPACIÓN MÁXIMA DO EDIFICIO: segundo plano 0-01
- RECUAMENTO E SEPARACIÓN A VÍA PÚBLICA: 4 metros (cumprindo o artigo 582 do Código Civil).

Nos planos de ordenación do presente Estudo de Detalle concretántase graficamente os parámetros urbanísticos sen exceder ás limitacións provenientes do PXOM da Coruña en vigor.

Será necesaria a previsión dunha praza de aparcamento por cada 100 metros construídos, consonte o artigo 5.2.6.1, apartado 4, do PXOM.

No referente ás condicións estéticas do futuro edificio, teranse en conta o seguinte:

1. O edificio resolverase con volumes claros e sinxelos, sen elementos arquitectónicos artificiosos.

2. Permitirse a realización, sen computar ocupación máxima do edificio, de marquesñas apoíadas en piares exentos ou beirís ao redor do edificio, cunha dimensión máxima de 4 metros dende a liña de ocupación máxima, co fin de amparar aos usuarios.

3. A tipoloxía da cuberta será plana.

4. Os acabados da fachada buscarán a simplicidade arquitectónica, a durabilidade e ou axeitado mantemento.

5. Os espazos vacantes de edificación destinaranse a resolver as necesidades de acceso peonil ao edificio e, en xeral, a espazos axardinados, intentando manter o máximo posible a zona arborada existente que linda coas pistas polideportivas.”

A documentación esixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o día 23 de xaneiro de 2014.

O presente acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra este, recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se practique a súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de cualquera outro que se considere pertinente.

O estudo de detalle entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación (artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).

A Coruña, 23 de xaneiro de 2014

O director de Urbanismo,

César de Jesús Otero Grille

2014/813